



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 2014/2015

Calendario electoral

1. Publicación dos censos electorais: 10 de novembro de 2014.
2. Inicio do prazo de presentación de candidaturas: 11 de novembro de 2014.
3. Fin do prazo para a presentación de candidaturas: 18 de novembro de 2014.
4. Proclamación de candidaturas: 19 de novembro de 2014.
5. Reclamación: 20 e 21 de novembro de 2014.
6. Proclamación definitiva de candidaturas: 24 de novembro de 2014.
7. Constitución das mesas electorais: 25 de novembro de 2014.
8. Eleccións: 27 de novembro de 2014.
9. Proclamación dos candidatos elixidos: 28 de novembro de 2014.

Son electores e elixibles todos os membros da comunidade escolar, pero cada membro só poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar.

Contra o acordo de proclamación (punto 4) poderase reclamar no prazo dos dous días seguintes (punto 5). A xunta resolverá no seguinte día hábil (punto 6) e contra a súa decisión poderá interponerse recurso, que non terá efectos suspensivos, perante o Delegado Provincial.

1. Elección dos representantes de pais/nais ou titores de alumnos e alumnas:

1.1. A representación dos pais/nais no Consello escolar correspóndelles a estes ou aos representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai, nai ou, no seu caso, titores legais.

1.2. Aténdose ao calendario electoral, poderán presentar a candidatura na secretaría do centro do 11 ao 18 de novembro de 2014, ambos os dous incluídos.

1.3. A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral encargada de presidir a votación (integrada polo director e 2 pais/nais, estes últimos designados por sorteo).

1.4. Tratándose dunha renovación terase en conta que permanece no Consello un dos membros elixidos na anterior convocatoria polo que poderá elixirse dous novos membros (Artigo 40º do Decreto 324/1996).

1.5. A votación terá lugar o día 27 de novembro nas dependencias do centro. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector que deberá acreditar a súa mediante o DNI ou outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un nome da lista de candidatos e candidatas.